

"A poesía da tristeza"

*Eu queríate e ti marchaches,
deixáchesme soa e con tristeza.
Non podo dicir adeus ós teus recordos,
as túas palabras, as túas caricias,
o teu amor, aínda están comigo.
A soidade non me deixa,
fixose a miña eterna compañeira.
Eu chámote nos meus soños
E ti óesme e fasme rir.
¿Per que non te podo sentir
cando esperto? A miña alma
chora por ti.
O meu corazón quedou só
cando ti me dixeches adeus
e eu non cho puiden dicir.*

R II

A morte é cando outra persoa se vai para outro mundo, e, se coincide que é unha persoa moi achegada a un, pódese sufrir ata tal punto que se chega a pensar que é mellor matarse. A morte, co paso dos anos, queda na memoria dunhas poucas persoas, quedan uns recordos, uns bos momentos. Eu quixera morrer primeiro que calquera dos meus irmáns ou compañeiros, porque eu sei como se sente unha persoa á cal lle está ausente aquela persoa pola cal sofre. Xa sei que este non é un tema moi agradable para falar nesta revista, pero é unha realidade e eu quixera que tódolos que estean a ler este artigo apro-veitaran para pedir, por exemplo, perdón ós seus pais, ou para reconciliarse cun amigo co que hai tempo que non fala. Porque hoxe están aí, pero mañá igual marchan todos e vós quedaredes con aquel remordemento de non terlle pedido perdón a esas persoas.

Pídovos a vós, queridos lectores, que aproveitedes ó máximo a felicidade con tódalas persoas que queredes, porque hoxe igual están, pero mañá...

R II